



CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARIA DO PLENO	
Data	08 MAR. 2017
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 100.....

ROGO PARA A REPARACIÓN DUN BANCO DE PEDRA NOS XARDÍNS DEDICADOS A XOSÉ MOSQUERA PEREZ, EN PELAMIOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coincidindo co centenario do nacemento de Xosé Mosquera Pérez, o Concello de Santiago acordou en 1995 dedicarlle na súa honra os xardíns situados á beira do rego do Corgo, fronte ao parque de Vista Alegre onde hoxe radica a Casa de Europa. Alí erguese un monumento cun busto de bronce seu, obra de Fernando García Blanco, en memoria de quen fora “alma mater do Padroado Rosalía de Castro”.

Ademais deste recoñecemento, a figura de Xosé Mosquera Pérez, “O vello dos contos”, foi obxecto doutras homenaxe nos últimos anos por parte do Concello, entre elas as de 2012 na súa parroquia natal de Lavacolla, con descubrimento de placa, presentación de libro sobre a súa vida, audición de gravacións e lectura por parte de Victor Freixanes dun conto da súa autoría; ou o máis recente de xuño de 2016, con descubrimento de placa na rúa do Franco onde residiu onde o se destaca a súa faceta de “activista cultural e primeira estrela mediática do país”.

Pois ben, nos xardíns que lembran ao “Vello dos contos” en Pelamios, existe desde hai varios meses un banco de pedra partido, suspendido por dúas moreas de pedras. Pode ser unha solución enxeñosa e circunstancial, pero o seu mantemento resulta impropio para o lugar e desloce o aspecto do xardín e con el a figura do homenaxeado. Unha pequena actuación axudaría a paliar esta situación e a mellorar tamén a solidez e seguridade deste equipamento público.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presente o seguinte Rogo:

“Que o Goberno local dea as instrucións precisas para recuperar o banco de pedra que se atopa partido nos xardíns dedicados a Xosé Mosquera Pérez, “O vello dos contos”, radicados no barrio de Pelamios.”

Santiago de Compostela, a 7 de marzo de 2017.

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

